

XORNADA SOBRE POLÍTICAS CULTURAIS EN GALICIA

UN DEBATE NECESARIO

PARTICIPAN:

XAVIER CAMPOS
AGAR LEDO
MARCOS LORENZO
GORETTI SANMARTÍN
IVÁN ARIAS
OLALLA RODIL
EDUARDO ALONSO
ÁNXELES CUÑA
JORGE LINHEIRA
CONCEPCIÓN BURGO LÓPEZ
CARLOS LORENZO
CÉSAR FERNÁNDEZ GIL
ALBERTO GARCÍA
FÁTIMA TEIXEIRO
SONIA LEBEDYNSKI
MERCEDES QUEIXAS
JORGE ALGORA
CLARA R. CORDEIRO
EMI CANDAL

LUGAR: CIDADE DA CULTURA DE GALICIA (EDIFICIO CINCO)
DATA: MARTES 13 DE NOVEMBRO, 16H. ENTRADA LIBRE
ORGANIZA: ASOCIACIÓN GALEGA DE PROFESIONAIS DA XESTIÓN CULTURAL



ASOCIACIÓN GALEGA
DE PROFESIONAIS DA
XESTIÓN CULTURAL



Deputación
DA CORUÑA

A CULTURA
É UN DEREITO

XESTORES.CULTURAIS.GAL

XORNADA SOBRE POLÍTICAS CULTURAIS EN GALICIA.
MARTES 13 DE NOVEMBRO DO 2018
CIDADE DA CULTURA (COMPOSTELA)

#relatoría

#introdución

As políticas culturais convertéronse en Galiza dende a recuperación da democracia nun elemento clave na configuración dos axentes do sistema político, no desenvolvemento territorial, na xeración de novas prácticas de ocio e consumo, e na construción de identidades colectivas.

Con esta xornada, que ademais de con dous faladoiros contou con dous relatorios realizados recentemente por membros da Asociación para sacar a palestra temas claves, a AGPXC propiciou unha análise do núcleo da política cultural (sectores culturais, institucións, industria), atendendo as súas diferentes dimensións, a diversidade de axentes e os diferentes sectores de intervención (como o patrimonio, museos, equipamentos, turismo, festas, festivais ou turismo).

Durante a tarde do pasado 13 de novembro, tamén puxemos o foco en factores que condicionan a política cultural e explican a súa evolución, coma son a influencia do marco político e institucional; para iso, estivemos acompañadas de representantes dos principais partidos políticos, que tamén nos axudarán a trazar a influencia dos factores identitarios, e da presenza dun espazo que absorbe tantas enerxías e recursos coma a Cidade da Cultura.

Cos relatorios que introducirán as dúas mesas redondas, buscouse analizar as diferentes etapas históricas dende 1975 e a súa interacción entre os diversos niveis da administración (autonómica, provincial, local), e entre estes e os seus interlocutores sociais. Nestes relatorios, ademais de trazar as coordenadas sociohistóricas da política cultural galega, suscitárase a relevancia do conflito identitario galego e a súa relación coa política lingüística: a cultura como trincheira ideolóxica e política.

Dun modo transversal, tamén se considerou o impacto da crise económica do 2008, especialmente a partir dos recortes orzamentarios de inspiración neoliberal postos en marcha polas administracións públicas, e que fixeron que -sumado a outros factores- a variable da precariedade sexa clave para comprender a situación do ecosistema cultural galego.

As políticas culturais atópanse nunha difícil conxuntura ao ter que ser capaces de dar conta do cambio que recorre a sociedade, cunha cidadanía que exige institucións abertas, transparentes e accesibles. *De onde vivimos, onde estamos, cara onde imos e cara onde queremos ir na nosa política cultural?* Estas foron algunhas das preguntas que se puxeron sobre a mesa nesta xornada,

#a relatoría

Este documento non debe entenderse unicamente como unhas “actas” das diferentes mesas e relatorios, ademais do necesario traballo de síntese tamén ten a vontade de compartir os coñecementos que motivou a xornada, complementando a achega xeral da mesma, destilando o fundamental dos diversos relatos acollidos, co obxectivo de activar as súas potencialidades.

Apostamos polo desprazamento dende a habitual apelación á obxectividade, que con tanta frecuencia agocha diversas parcialidades, cara unha toma de posición consciente e honesta, tentando manter o rigor e a transparencia.

#apertura

A primeira mesa introducida por Fátima Teixeira, en representación da actual xunta directiva da AGPXC, contou coa participación de Gorette Sanmartín (Vicepresidenta da Deputación da Coruña) e de Xavier Campos (ex-presidente da AGPXC).

Fátima Teixeira subliñou a importancia da creación do *Banco de Boas Prácticas en Xestión Cultural*, un traballo desenvolvido pola asociación que se traduce nunha ferramenta para dar visibilidade a proxectos que proporcionan elementos inspiradores para todo o sector. Destacou o papel dinamizador da asociación que se traduciu na organización de diferentes xornadas, en particular da organizada baixo o lema de “A cultura é un dereito” con especial atención á dimensión social da cultura.

Vídeo dispoñible en:

<https://www.youtube.com/watch?v=TQJyHvb1aPk&t=4s>

Banco de Boas Prácticas:

<http://boaspracticas.xestoresculturais.gal>

Gorette Sanmartín fixo referencia a xornada do mes de abril e reflexionaba sobre unha das que para ela foi a conclusión da mesma: como en toda a etapa Fraga as políticas sobre a cultura o que fixeron foi espectáculo coa cultura e non crear tecido, redes e ferramentas para poñer en valor o propio; unha reflexión sobre a espectacularización cultural que se reflexou en máis ocasións durante a xornada. Por descontado, non dubidou en poñer en valor as políticas culturais do bipartito, tres anos e medio onde o BNG estaba á fronte Consellería de Cultura e Deporte; e comprometeuse que dende a área de cultura da Deputación de A Coruña teranse en conta as conclusións extraídas da xornada.



Xavier Campos comezou a súa reflexión tentando responder a pregunta sobre si existiu ou non política cultural nestas case catro décadas. Na súa opinión non existiu unha política cultural global aínda que si existiron momentos de política cultural, e que pese a que comezan a existir estudos nesta área, aínda son insuficientes. Fixo alusión a esa falta de análises por sectores e poñendo varios exemplos: no ámbito da música, non se coñece cales foron as consecuencias das políticas dos noventa, ou sobre o momento actual dos centros de arte contemporáneo coma son o MARCO de Vigo, o CGAC ou o MAC. Manifestou a súa opinión sobre que somos un país diferente cunha realidade cultural tamén diferenciada, e con expresións propias coma as orquestras de verbena. Sinalou que ter unha industria cultural propia para a nosa realidade, é poder garantir ter a capacidade de producir contido cultural propio, e non ser unha sociedade pasiva que reciba produtos culturais que proveñen do estranxeiro.

Vídeo dispoñible en:

<https://www.youtube.com/watch?v=hHs7psbda0c>

“teño a sensación de que ultimamente estamos inmersos nunha especie de actividade hiperanalítica sobre as políticas culturais en Galicia”

Xavier Campos

#presentación do documento a Estratexia da Cultura 21

Nesta mesa as intervencións de Clara Cordeiro, Emi Candal e Iván Arias deron conta das achegas das profesionais da xestión cultural nas mesas de traballo convocadas pola Xunta de Galicia para a elaboración da “Estratexia da Cultura Galega”. A AGPXC recolleu todas elas nun documento que se recolle nesta relatoría.

Vídeo dispoñible en:

<https://www.youtube.com/watch?v=KDX-7VGAZLw>





ASOCIACIÓN GALEGA
DE PROFESIONAIS DA
XESTIÓN CULTURAL



**Estratexia da
cultura galega**

XUNTA DE GALICIA

Achegas da AGPXC

Agosto 2018

INTRODUCCIÓN

A Asociación Galega de Profesionais da Xestión Cultural aceptou participar no proceso de mesas de traballo ao redor da estratexia cultural da Xunta de Galicia para os vindeiros anos, como creemos que debemos facer en calidade de axentes activos do ecosistema cultural galego. Aceptamos polo tanto o encargo de participar nas mesas e elaborar informes e propostas que se inclúen neste texto, máis que queremos introducir baixo as seguintes premisas:

- Practicaremos unha opinión crítica e construtiva, desde a liberdade que nos dá manernos en activo nun sector difícil e pouco desenvolvido neste contorno que habitamos.
- Esperamos e desexamos que os esforzos persoais que supón participar nestas mesas e elaborar os informes adxuntos se vexan reflectidos no documento final.

Dito esto e para introducir os informes sectoriais elaborados segundo as mesas temáticas polxs valiosxs profesionais que a nosa asociación achega (Agar Ledo, Iván Arias, Carlos Lorenzo, Clara Rodríguez Cordeiro, Tomi Legido, Emi Candal e Diego V. Meizoso), estableceremos **catro primeiras alegacións ao proceso de traballo** que nos parecen contextualizadoras:

1. Botamos en falta no documento de partida que se nos achega, na definición das mesas de traballo e na orientación do proceso de recollida de información, unha *visión máis ampla* e sistémica do termo cultura. Creemos que unha chamada “estratexia” da cultura non pode limitarse ao eido das industrias culturais como claramente se advirte no deseño das mesas. As industrias culturais, a cultura como un recurso, o turismo e a internacionalización son importantes si, mais cremos que tamén é moi importante o dereito á cultura que ten toda a cidadanía galega como marca a constitución do 78 e outras leis, que aquí se obvian por completo. Non pode ser como decían compañeirxs nosos de sector fai xa unha década que o discurso predominante da industria cultural relegue ou reprima o carácter transformador e os efectos sociais emancipadores da cultura. **A cultura debe ser axente de desenvolvemento integral do territorio e no desenvolvemento integral está o económico si, mais tamén están o social, o persoal e o cultural**, que no plantexamento inicial da “estratexia” botamos en falta.
2. Esta chamada “estratexia” polo tanto *autolimita* de inicio o seu posible impacto se non amplía a súa visión e obxectivos. E tamén se autolimita cando non se inclúen nela outras administracións que invisten en cultura, porque non acoden ás mesas, porque non foron invitadas ou porque (no caso da CRTVG ou de outras consellerías da propia Xunta, imprescindibles nunha estratexia de perspectiva ampla) dísenos que dependen doutras vontades. Se o plantexamento é este, creemos que isto no que estamos traballando sería máis honesto definilo como

unha “estratexia da Secretaría Xeral de Cultura” para as “industrias culturais” galegas.

3. Aínda que así fora redefinida ou reorientada a estratexia (que non é a nosa vontade) amosa outras eivas importantes e recurrentes en canto non se teñen en conta traballos, reflexións e incluso leis anteriores que xa avanzaron moito do que estamos facendo. En concreto esforzos de definición legislativa en canto ao libro, ás artes escénicas ou aos museos xa están feitos. Poden ser mellorables pero non sería intelixente obviarlos por completo xa que poden estar xa recollidas moitas achegas importantes.
4. Polo tanto cremos na optimización do proceso de traballo en canto á inclusión de axentes valiosos para unha estratexia con impacto. Isto pasaría inexcusablemente por unha maior interconectividade administrativa, mais tamén por establecer metodoloxías para ordenar a información que se nos demanda. Por agora acudimos a unhas primeiras mesas plantexadas como choivas de ideas totalmente abertas e sen filtros e isto podería ser un inicio, pero cremos que a información pódese e débese sistematizar moito máis para que sexa útil.

En resumo, **unha estratexia cunha visión ampla da cultura a respecto da sociedade que representa, ben planificada e integradora dos axentes que a fagan transformadora, que teña en conta a traxectoria e o contexto que nos é propio, e ben conducida a través dun proceso sistemático, é necesaria e ilusionante para construír as políticas culturais que necesitamos como sector e como país.** Por iso participamos co mellor ánimo neste proceso coas seguintes aportacións particulares que poderán ser desenvoltas nas próximas fases de traballo da Estratexia da Cultura Galega 21:

ACHEGAS

SECTOR DAS ARTES ESCÉNICAS

- Desenvolvemento do anteproxecto da Lei Galega de Artes Escénicas presentado no Parlamento galego no ano 2016 garantindo con ela un marco eficiente e consensuado para as artes escénicas para os vindeiros anos; avanzando desde esta Lei as liñas concretas para gañar prestixio social e a proxección que as artes escénicas galegas precisan.
- Consideramos que a estratexia debe fundamentarse na necesidade de que a política do Goberno galego no ámbito das artes escénicas sexa unha política integral, que inclúa e comprometa no seu desenvolvemento a todos os departamentos das distintas consellerías con competencias en ámbitos relacionados coas artes escénicas, para poder establecer deste xeito un marco estable de apoio á cultura que teña en conta as dimensións cidadá, artística e económica.

- Os eixos sobre os que debe xirar a Estratexia son: o da formación e creación artística, o da integración das artes escénicas na vida comunitaria, o das industrias culturais, o dos mercados e os públicos e o da proxección exterior.
- Afondar na democratización do público, neste sentido de achegar as artes escénicas a toda a sociedade e incidindo na entre a xente máis nova, cun programa cultural específico no eido escolar para acadar o prestixio, coñecemento e desfrute das artes escénicas entre todo o público.
- Dentro do eixo dirixido á creación artística debe artellarse un circuito que garanta residencias para compañías privadas e para novos creadores e creadoras individuais en espazos que forman parte do tecido dependente das administracións competentes.
- A estratexia debe acompañar a consolidar as empresas culturais do sector e para iso contemplar axudas á incorporación de melloras técnicas, en especial as novas tecnoloxías da información, e á formación dos recursos humanos. Así mesmo, establecer un sistema de bolsas de prácticas en empresas para facilitar a transición entre o ensino e o mercado laboral.
- Promover a proxección das creacións galegas no exterior mediante a presenza nas principais feiras e eventos internacionais en canto a artes escénicas e mediante o reforzo e revisión das axudas á distribución no exterior, garantindo que respondan ás necesidades reais do sector.

SECTOR DA MÚSICA

- Creación dunha oficina ou organismo que centralice a información sobre a axenda de concertos a nivel galego, para que programadores de concertos ou festivais, acudindo ao seus datos actualizados, eviten coincidencias nun mesmo tipo de oferta para o mesmo público obxectivo.
- Formación dirixida ao colectivo de músicos para ofrecerlle habilidades e ferramentas coa que poidan construír unha carreira profesional (contratación mercantil e laboral, deseño de xiras, propiedade intelectual, marketing...)
- Dotar aos artistas galegos dun sistema de “bolsa de viaxe” para que podan competir en condicións dignas co resto de bandas para actuar fóra de Galicia.
- Potenciar acordos estables con institucións e concellos de Portugal como espazo prioritario para actuacións e xiras de bandas e artistas galegos.
- Establecer en institucións ou organismos galegos en Madrid os recursos necesarios adicados a promocionar e buscar oportunidades para artistas galegos,

tentando así aumentar a presenza da cultura galega desde onde se lle dá maior visibilidade ao resto do Estado.

- Aumentar na programación de Radio Galega Música ata un 50% como mínimo de música feita en Galicia, dando prioridade á música feita en lingua galega.
- Favorecer e facilitar desde as diferentes administracións públicas, a creación de espazos e salas culturais privadas nas que se ofrezan espectáculos e se creen circuítos que complementen as ofertas municipais, que se adapte aos hábitos de lecer da cidadanía e que se axusten ás necesidades dos músicos para o desenvolvemento das súas carreiras musicais.
- Facilitar a adquisición de instrumentos no eido familiar, para favorecer os estudos musicais e a promoción de rapaces e rapazas con talento. Habilitar liñas de subvencións, becas, residencias e outras axudas que contribúan á formación de novas xeracións de músicos.
- Revisar, corrixir e reformular as liñas de axudas propostas dende AGADIC por non estar focalizadas en potenciar as liñas estratéxicas propostas na Estratexia da Cultura Galega.
- Desaparición das axudas que apoian a artistas non galegos, e recuperación de liñas de axudas á produción fonográfica para dotar de músculo a discográficas e editoriais musicais galegas que potencien a publicación e a promoción da música dos artistas galegos. Actividade que beneficiaría a estudos de gravación, salas...
- Apoiar a artistas e profesionais galegos para traballar en rede co exterior.

SECTOR DO LIBRO

- Incidir e revisar os plans de animación á lectura, para que realmente promocionen na cidadanía o interese pola lectura, evitando que se convertan en actividades culturais (escénicas, musicais, lúdicas ou artísticas) que non salientan o valor dos libros.
- Promover entre a poboación xeral o coñecemento do valor das bibliotecas públicas e dos servizos que ofrece de balde. Son o espacio cultural de referencia e primordiais difusores da nosa cultura, polo que precisan dos recursos necesarios para manterse actualizados ante as innovacións tecnolóxicas que inciden no espallamento de produtos culturais (libro, música, audiovisual...).
- Promover unha maior presenza de autoras e autores galegos nos medios de comunicación, non só nos espazos culturais ou especializados de escaso consumo popular. Así facilitaríase o coñecemento dos protagonistas do noso sistema

literario outorgándolle valor, recoñecemento e promoción entre o público maioritario.

- Fornecer o tecido de actividades e eventos de promoción de autores e autoras (por exemplo os certames literarios), atendendo tamén ao impacto que teñen sobre os niveis de lectura.
- Fornecer e reformular, se é preciso, o modelo de Feiras do Libro, convertíndoas nas verdadeiras festas da lectura.
- Fomentar a presenza no exterior de autores e autoras galegas, propiciando así a difusión da literatura galega e a súa tradución a outros idiomas. Presenza da literatura galega nas principais feiras internacionais.

SECTOR DOS ESPAZOS DA MEMORIA – MUSEOS

- Repensar a estrutura museística desde a sustentabilidade e crear unha rede de museos para fomentar a coordinación e o intercambio:
 - Achegamento ao sector colaborativo e ecolóxico. Traballo en rede, co intercambio como base, entendendo o museo como un lugar de produción do coñecemento e non como almacén ou mero lugar de exhibición.
 - Aplicar os principios de sustentabilidade ás estruturas museísticas.
 - Crear relacións entre os espazos dedicados á adquisición, custodia, conservación, estudo e difusión do patrimonio.
- Poñer en práctica unha fórmula baseada no intercambio e no aproveitamento dos recursos acumulados, como por exemplo facer un estudo das coleccións para convertelas nun arquivo do común, ao servizo de todas e de todos, para rendibilizalas, ordenándoas e distribuíndoas.
- Promover a vontade de comunicación interinstitucional, para poñer en marcha un órgano de xestión común e independente que reúna a todas as administracións para contribuír, xuntas, a ordenar e potenciar o papel educativo, de servizo público, de centros de investigación, de lugares de conservación e difusión do patrimonio.
- Aproveitar da estrutura e vontade colaborativa do Sistema Galego de Museos (contemplado xa na Lei do Patrimonio Cultural de Galicia) e do Consello Galego de Museos: a plataforma independente de coordinación entre museos. Partir da experiencia desta rede para outorgarlle carácter asesor e consultivo.

- Variar a política de investimentos e destinar os recursos que se empregaron e empregan en infraestruturas cara ao mantemento, ao coidado e á creación de emprego especializado:
 - Aposta pola profesionalización e o incremento de investimento en recursos humanos.
 - Promover unha política de contidos, fronte á política de contedores que prevaleceu nas últimas décadas. Sobran espazos físicos e falta persoal para poñelos en valor.
- Adquisición, conservación, estudo e posta e valor do patrimonio, entendendo os museos como espazos sociais, de memoria, de coñecemento e de fomento do pensamento crítico. Enfatizar en que a misión dos museos, como servizo público, é –ademais de adquirir, e difundir– salvagardar o patrimonio e investigalo, tamén o que está xestionado por entidades privadas.
- Novo uso para o Museo da Cidade da Cultura:
 - Para traballar de xeito articulado na produción de coñecemento, na elaboración de pensamento dentro dos museos, poderíase darlle un novo uso, por exemplo, ao edificio do museo da Cidade da Cultura para reorientar o seu funcionamento cara ao estudo e o arquivo do patrimonio artístico –o labor de produción expositiva e un labor curtopracista que supón un desembolso de cartos alto con pouco impacto social–, concentrando a súa misión no estudo e ordenación para dar resposta á falta de recursos dos espazos de exposición, que deriva na ausencia de departamentos de investigación que produzan coñecemento internamente.
 - Un museo/centro de estudos cunha finalzade próxima á do arquivo do Gaiás, encargado de promover a investigación e producir pensamento crítico, pode funcionar como lugar de encontro entre diversas áreas da creación cultural: investigación, xestión, produción, exhibición renovando os relatos sobre, por exemplo, a arte galega, pero tamén axudando na produción de contidos, nas relacións interinstitucionais con espazos de pensamento, de produción, coleccións, departamentos de investigación das Universidades, etc. Un espazo orientado á educación, cohesión social e desenvolvemento sustentable.
- Fomentar importancia social do museo, que debe funcionar como modelo de desenvolvemento sustentable. Entender os museos como motor de desenvolvemento social –cuxa rendibilidade transcende o económico– implica situalos nun lugar relevante durante a planificación política e orzamentaria.
- Creación dunha Lei galega de museos que suporía un marco estratéxico de actuación para reordenar e regular os museos, crear organismos técnicos consultivos, impulsar o labor de investigación, de servizo público.

- Recuperar e actualizar o anteproxecto da Lei Galega de Museos (2008), no que participaron membros do propio Consello Galego de Museos. Un traballo elaborado de xeito colaborativo para mellorar a xestión e unificar un sector moi difícil de estruturar pola diferente natureza e titularidade.

SECTOR DO PATRIMONIO

- Promover campañas de sensibilización que conciencien á cidadanía da importancia do noso patrimonio, da súa conservación e das súas posibilidades para a sustentabilidade territorial e identitaria. Facer ver que o patrimonio é unha riqueza.
- Facilitar modelos legislativos e financeiros que permitan fórmulas de xestión do patrimonio por parte de entidades privadas sen ánimo de lucro (fundacións e asociacións).
- Promover proxectos que permitan o goce sustentable do patrimonio por parte da cidadanía, principalmente a local. Animar á investigación e difusión dos seus resultados, interpretándoos para a cidadanía creando vencellos coa súa identidade.
- Establecer modelos de control e avaliación do uso turístico do patrimonio, que permitan tomar medidas correctoras, se é o caso, e velar de xeito permanente pola súa conservación.
- Promover a formación continua de profesionais do ámbito dos estudos históricos, a etnografía, o turismo e a xestión cultural, que contribúa a implantar modelos eficientes e sustentables de xestión do patrimonio cultural.

SECTOR DAS ARTES VISUAIS

- Creación dun observatorio, dirixido profesionalmente, que nos permita coñecer e recoñecer os medios e recursos técnicos e humanos dos que se dispón na comunidade galega, así como plantexar solucións e estratexias que permitan aproveitar a nosa riqueza artística e as posibilidades das nosas infraestructuras en demasiadas ocasións infrautilizadas pola falta de medios humanos (que non pola falta de profesionais)
- Establecer estratexias que garantan e apoiem os traballos de investigación e creación expandidos no tempo e alén dos resultados meramente obxetuais, fomentando a experimentación e os proxectos asentados no contexto.

- Incorporar como marco de traballo profesional algún dos numerosos decálogos de Boas Prácticas no sector das Artes Visuais, así como premiar en convocatorias e concursos as entidades públicas e privadas que si o sigan.

SECTOR DO AUDIOVISUAL

- Aumentar os niveis de difusión do audiovisual galego entre a cidadanía de Galicia. Establecer mecanismos na liña da democratización cultural e do acceso da cidadanía de Galicia aos produtos audiovisuais feitos en Galicia, con investimento de fondos públicos, e que deberían contar cunha distribución maior e máis expandida.
- Establecer unha estratexia de alfabetización e dinamización audiovisual nas aulas, nun sistema educativo cun alto peso dos contidos tratados mediante soportes audiovisuais. Existen xa iniciativas e programas neste senso que podes servir como modelo a desenvolver (*Cinema en Curso, Olloboi, programa didáctico do Concello de Santiago...*).
- Apoiarse nas estruturas, programas e institucións xa existentes, reforzándoas, dotándoas de maiores medios e reforzando polo tanto o seu papel na sociedade galega. O *CGAI*, ou filмотeca galega, debería ter un papel fundamental como arquivo e plataforma de coñecemento das producións audiovisuais galegas por exemplo nos centros de ensino, dotándoo de recursos e dun plan estratéxico de acción.
- Avanzar na implementación do programa *CINEMAS DE GALICIA*, para que acade máis concellos favorecendo a democratización no acceso á produción audiovisual, nunha expansión xeográfica dos espazos de exhibición e tamén do achegamento das producións a novos públicos.
- Promoción das axudas ao talento dentro do monto total das axudas á produción audiovisual, así como o artellamento de mecanismos para que as obras xurdidas desta liña de axudas sexan finalmente producidas.
- A Radio Televisión Pública de Galicia foi e segue sendo un dos piares fundamentais no apoio, promoción e difusión do audiovisual galego. Cómpre mellorar a aposta que dende a Corporación se fai polo audiovisual galego máis alá da ficción televisiva, e o uso do *prime time* en, por exemplo, a segunda canle, para dar difusión ás producións xurdidas dun movemento tan recoñecido internacionalmente como o Novo Cinema Galego.

ACHEGAS DE ÁMBITO TRANSVERSAL

A continuación indícanse achegas que atinxenao conxunto dos diferentes ámbitos culturais:

- Co obxectivo común de chegar a novas audiencias e de impulsar a creación artística e a innovación cultural, é preciso promover novos paradigmas culturais, coa finalidade de crear un novo público, consumidor de arte contemporáneo e ávido de novas e diferentes experiencias.
- Revisar, corregir e reformular as liñas de axudas propostas dende AGADIC por non estar focalizadas en potenciar as liñas estratéxicas propostas da ECG21.
- Creación dun sistema de becas artísticas para a creación tanto de artistas individuais como a nivel de proxectos artísticos e que permitan dotalos de financiamento ao longo de todo o proceso creativo.
- Establecemento e fornecemento de redes de instalacións e programacións culturais. Evitar localismos e programacións febles con escasa incidencia sociocultural e ineficiencia na xestión de recursos públicos.
- Traballar no desenvolvemento dun contorno social axeitado que favoreza novas liñas de financiamento da cultura (patrocinio, mecenado, pagamento do consumo cultural...) evitando unha excesiva dependencia do diñeiro público.
- Creación dunha marca colectiva que englobe a todas as empresas galegas que achegan fondos ao mecenado e ao patrocinio cultura.
- Promover nas liñas estratéxicas unha maior “conexión” entre as diversas disciplinas culturais. Cada vez existe unha maior interdisciplinabilidade dos creadores e creadoras, e boa parte dos produtos culturais de consumo conteñen varias destas especialidades. Evitar a atomización da cultura.
- Favorecer que institucións como o CGAC, o CDG, o CCG ou o CGAI, entre outros, teñan estratexias de promoción das súas producións, actividades ou programacións, para aproximarse a novos públicos e ao ensino, propiciando un maior coñecemento da produción cultural galega actual e incidindo na creación dunha identidade cultural arraigada no noso.
- Ter en conta nas novas normas legislativas, as singularidades da xestión e do eido cultural, sobre todo a protagonizada polos cidadáns, para garantir o desenvolvemento da cultura popular e de base.

- Establecer medidas legislativas de apoio ao colectivo de creadores e artistas, consensuando un estatuto do artista, que lles permita, entre outras moitas medidas indispensables para o colectivo profesional da cultura, recibir compensacións económicas pola súas creacións durante a xubilación sen prexuízo dos seus beneficios en material social, ou que contemple o réxime laboral discontinuo e de ingresos ao que se ven obrigados moitos creadores e intérpretes.
- Dar pulo á formación en todas as vertentes da cultura e en todos os niveis educativos, incluídos os informais. Deberá ser unha formación para todos os niveis profesionais dos oficios que interveñen na creación e na difusión cultural. Con esta formación débense perseguir os niveis de excelencia desexados para todos os ámbitos da cultura.
- Favorecer e dar pulo á formación cultural de base (musical, escénica, folclórica, plástica...), considerándoa como xeradora de públicos críticos, como berce para futuros profesionais e como conservadora e difusora da cultura propia de Galicia.

Santiago de Compostela, 8 de agosto de 2018

Asociación Galega de Profesionais da Xestión Cultural
info@xestoresculturais.gal

#contexto con Marcos Lorenzo e Jorge Linheira

Nunha intervención caracterizada pola achega dun gran número de datos co que analizou o pasado recente, Marcos Lorenzo comezou sinalando algunhas anomalías do ecosistema cultural galego coma que nas tres universidades galegas non exista un grupo de investigación sobre políticas culturais.

Algúns dos datos máis interesantes que compre salientar son: que o sector cultural representa aproximadamente un 2,5% do PIB estatal e un 2% do PIB galego; que durante a crise económica (2008-2014), a redución do consumo cultural das persoas foi dun 32,6%; coma segundo o anuario da SGAE (datos 2015), os prezos medios de entrada a espectáculos ao vivo en Galiza eran a metade que no Estado español, algo que Marcos Lorenzo alega debido o fenómeno da gratuidade; que a redución do orzamento en cultura da Xunta foi dun 62,9% durante a crise mentres se contraía o seu orzamento total entre un 12 e un 15%. Un dato moi sinalado durante toda a xornada e que Lorenzo tamén apuntou, foi como ate 2012, o 70% dos gastos foi para ladrillo, e soamente o 30% para gastos correntes. Segundo Marcos Lorenzo, o impacto económico da crise-foi de 500 millóns de euros menos no ecosistema cultural galego.

En canto a emprego e empresas culturais, o do sector cultural supuxo o 2,9% do total do emprego en Galicia para

2016, pese a que durante a crise perdéronse entre 7.000 e 12.000 postos de traballo, o que levou a que antigas traballadoras por conta allea pasaran a facelo por conta propia fomentando a precarización, mal endémico da cultura galega e que se solventa en moitas ocasións a través do entusiasmo e o voluntarismo. Todo isto nun mercado laboral da cultura historicamente desregulado e neoliberal.

**“refutar aquelas ideas de
que a cultura é un sector
hipersubvencionado”**

Marcos Lorenzo

Tras un paso pola proxección exterior da cultural galega, Lorenzo rematou a súa intervención sinalando as que, ao seu parecer, son as principais características das políticas culturais en Galicia:

- A concepción excéntrica, periférica ou ornamental da acción cultural pública.
- As raquílicas estruturas públicas, destacando no negativo a infradotación de persoal cualificado e de gastos correntes.
- Exceso de equipamentos desconectados de toda rede.
- Baixísimo grao de formalización da política, que non explícita obxectivos nin destinatarias, e moito menos, planificación ou avaliación das políticas sobre a cultura.
- O eventismo e a gratuidade coma principais estratexias a curto prazo.
- Clientelismo con artistas locais

e certas empresas habituais.

- Orientación ao mercado interior e desconexión de redes internacionais, así como da escasa capacidade de acceder aos fondos europeos; tanto é así, que Galiza é a Comunidade Autónoma que menos fondos europeos recibiu de todo o Estado español.
- Escaseza de investigación, produción do coñecemento e difusión deste.
- Minúsculo traballo sociocultural e educativo a longo prazo, cunha grave carencia de canles de participación cultural.

Durante toda a xornada, varias das participantes aludiron a esta acertada definición de Marcos Lorenzo: “unha política cultural digna de tal nome debe partir dun diagnóstico realista, fixarse uns obxectivos explícitos e factibles, dispor dunha dotación orzamentaria estable, desde medidas ben articuladas e coherentes entre si, con indicadores de avaliación claros, e que, en definitiva, responda a un deseño racional e non á suma de ocorrencias ou intereses dos responsables de turno.”



“os dous principais trazos da mal chamada política cultural na Galiza, teñen que ver cun transfondo claramente conflitivo”

Jorge Linheira

Pola súa banda Jorge Linheira utilizou os primeiros minutos do seu relatorio criticando a Cidade da Cultura (dende agora CdaC). Para o relator, anos antes de que o exministro duha ditadura asasina anunciara nun debate de investidura -o de 1997- cal sería a súa gran estafa con coartada cultural, a cal ideou sen límite de gasto presente nin futuro, Peter Eisenman, dicía que o seu proxecto soñado, o proxecto da súa vida, so podería levarse a cabo nun Estado Totalitario. Para Linheira, a CdaC non foi un erro do sistema, foi e continúa sendo o sistema, coma os aeroportos sen avións, autoestradas sen coches e portos exteriores sen barcos. Unha infraestruturas culturais que son, antes que nada, infraestruturas, cuxas licitacións ían deixando algo de negocio en algunhas das construtoras sospeitosas habituais que, casualmente, reservaban unha porcentaxe do orzamento a anunciar nos medios concertados as súas inigualables infraestruturas. Prosegiu a súa análise sinalando a CdaC como paradigma de moitos dos males da política sobre a cultura: utilizada coma empresa de colocación, e cara a cooptación simbólica dos valores do republi- canismo.

Posteriormente, e aludindo ás categorizacións da política cultural, fixo unha análise da democratización á espectacularización cultural acontecida na Galiza, caracterizada a segunda polos grandes eventos como esa macabra mistura entre turismo, espectacularización cultural e propaganda que é o Xacobeo, unha ferramenta moi utilizada polo PP en Galicia na loita pola hexemonía; sobre o turismo, criticou coma o argumento de que o 11% do PIB galego provén da actividade turística continúa servindo para xustificalo absolutamente todo. Linheira sinalou coma o aumento do PIB o xustifica todo, e coma nos venden que o Xacobeo é bo para o PIB, aínda que non se di se para a parte do PIB que corresponde aos salarios das galegas, ou a dos beneficios dalgúns empresarios, basicamente hostaleiros. Continuou a súa exposición, sinalando coma dende décadas pasadas, no discurso político ocúltase a conta de canto investimento público creceu o PIB, e coma ninguén - tampouco dende a oposición política- se molesta en construír un contrafáctico, que cuantifique ese mesmo crecemento a medio ou longo prazo no caso de que ese investimento público se orientase á economía produtiva.

Tras facer unha breve análise sobre a periodización das políticas culturais en Galiza, desenvolveu o seu concepto da Cultura da Transición de Galiza (CTdGa), e como unha alianza da dereita orgánica galega e institucional - herdeira do franquismo- co capital simbólico do nacionalismo histórico é consubstancial á articulación da mesma. A través da súa política oficial, a

CTdGa dedicouse a un control estrito da regulación establecida a través dun marco antigalego determinado pola Constitución e o seu vástago, o Estatuto de Autonomía de 1981. Unha cultura na que convivirá un modelo de país que é fundamentalmente colonial, colonia de interior con estruturas de exploración colonial que persisten no tempo, e que asumirá que a xestión dos recursos naturais será realizada por multinacionais non galegas, e que non cuestionará en ningún sentido a repartición da propiedade e os bens sociais. Unha articulación cultural que permite a coexistencia máis ou menos pacífica dunha cultura autoritaria a nivel político e unha cultura nacionalista a nivel simbólico; digamos que Alianza Popular primeiro, e a continuación o Partido Popular, asumiron como fórmula de representación o galeguismo e o seu compromiso cunha dimensión “enxebre” e costumista desta articulación, algo unicamente pensable desde esta perspectiva. Exemplificou a CTdGa coma a Galiza das festas gastronómicas, das entregas de medallas, dos xacobeos e o pelegrín que convive coa especulación urbanística e un modelo caníbal de destrución do territorio, da destrución do rural e tamén das bases culturais desa mesma cultura galega que fetichiza, museifica e institucionaliza vía medios de comunicación e espazos institucionais.

Linheira marca a fin da Cultura da Transición de Galicia (CTdGa) en todo o acontecido en torno ao Prestige, onde o exercito de opinadores e intelectuais da mesma non soubo como reaccionar e que derivou nunha cultura desbordante. Nese

momento creouse a Plataforma contra a Burla Negra, onde confluiron a cultura letrada e a cultura popular, un momento no que se produce unha revolución cultural que, en opinión do relator, non veu acompañada no tempo da evolución esperada.

Na hipótese de Linheira, nestas case catro décadas, a política cultural foi un privilexiado instrumento de gobernanza, especializado na produción de consensos sociais e na pacificación das potencias críticas que atravesan e organizan as diversas zonas autónomas das culturas populares e das contraculturas galegas, moitas veces alleas e refractarias -cando non enfrontadas- ás culturas de estado e de mercado hexemónicas, por máis que aínda ás veces tamén sexan atravesadas por elas, e poidan converterse en aliadas ou estratéxicamente amalgamarse coas mesmas.

Por outra parte, e xa para rematar o seu relatorio, Linheira teorizou coma os dous principais trazos distintivos da mal chamada política cultural en Galicia teñen que ver cun transpunto claramente conflictivo: por unha banda, o que se refire ao conflito identitario e, por outro, o que alude ás tensións existentes entre as persoas que conformaron e conforman -actualmente os seus estertores- o que conceptualiza

como a Cultura da Transición de Galiza, e por outra parte, o resto do ecosistema cultural galego. Este dobre conflito, deu coma resultado para Linheira unha cultura autonómica de éxito, xa que na súa opinión, unha cultura oficial sae vitoriosa cando elimina outras culturas reais co obxectivo de que as mesmas non lle fagan sombra.

Vídeo dispoñible en:

<https://www.youtube.com/watch?v=soSGmA20jdk&t=1s>

#Xornada sobre políticas culturais: Mesa profesional

Nesta mesa profesional moderada por Carlos Lorenzo, levouse a cabo un debate con algunhas das moitas asociacións profesionais do país, sobre as



políticas culturais que necesitamos como sector; e é que en moitos casos, as asociacións profesionais actúan como sindicatos que protexen os dereitos das profesionais. Estiveron presentes, Escena Galega representada por Eduardo Alonso, Músicas ao Vivo representada por Sonia Lebedynski, Asociación de escritoras-es en lingua galega representada por Mercedes Queixás, e o

Clúster audiovisual de Galicia representado por Jorge Algora.

A visión de Eduardo Alonso destes corenta anos das artes escénicas é que todo o logrado para o sector foi moi pelexado por este. Destacou que houbo varios momentos nos que existiron fendas nas administracións para poder traballar da man, un foi na época preautonómica no que se decidiu que o galego sería un elemento incuestionable, algo que non acontece en todos os sectores. Outro momento importante foi o curto tempo de Álvarez Pousa coma



director xeral de cultura, a cal estaba formada por todos os sectores e coordinados por Xan Bouzada; un momento caracterizado pola creación entre outras ferramentas, do Centro Dramático Galego. Resaltou coma no tripartito, con Alfredo Conde coma conselleiro activouse o IGAEM. Para rematar esta periodización cun momento moi ilusionante coma foi o bipartito, ao cal cualificou coma un interlocutor válido a diferenza do habitual; pero, sinalou que na súa opinión, trabucáronse ao pensar que ían ter máis que unha lexislatura, e polo tanto non levaron moitas cousas a cabo.

Para Eduardo Alonso, o AGADIC (Axencia Galega das Industrias Culturais) é unha axencia que nunhas mans intelixentes e con proxecto pode ser moi útil, pero tamén pode ser moi útil para ir desmontando cousas coma acontece dende 2009.

“nunca se fixo nada sin que fora absolutamente presionado polo sector ou sectores que estaban implicados”

Eduardo Alonso

“sinto repetir moitas das cousas que xa se escoitaron, pero iso supoño que pode ser bo porque quere dicir que temos moitos puntos en común para comezar xa de vez a traballar”

Mercedes Queixás

En representación da asociación das escritoras en lingua galega que celebraba o seu trixésimo oitavo aniversario, e que nacía no seu momento coma un punto de encontro e espazo en común, QUEixás sinalou coma a primeira vez que foi recoñecida pola Xunta foi a mediados dos anos oitenta. Na parte inicial remarcou a labor de AELGA no nacemento de Galeusca xunto a asociacións de Euskadi e Catalunya.

Para Queixas a literatura galega nunca tivo os fastos de outros sectores, e polo tanto o camiño sempre foi moi lento, reivindicando o tempo do bipartito coma un oasis nas políticas culturais no que se entendeu a cultura coma un dereito. Marca o 2010 coma un ano de inflexión no negativo, caracterizado pola volta do PP ao poder da Xunta tralas autonómicas do 2009 e a crise económica.

Deixou no seu relatorio varias preguntas no aire, coma cal é o papel dos centros de estudos galegos, cal é o papel das feiras internacionais do libro, e que acontece co plan de lectura que o actual goberno non desenvolve.

En representación de Músicas ao Vivo, Sonia Lebedynski, expresou que existe unha política cultural con excesiva institucionalización. Tamén sinalou, nunha opinión moi compartida na xornada, o papel totalmente inapropiado dos medios de comunicación

públicos, así coma o esquecemento de parte importante de produción de música galega que non se da a coñecer en prol de produtos estatais ou internacionais dos massmedia. Preguntouse, se realmente existe unha Industria Cultural en Galiza e se podemos chamar industria ao que existe hoxe en día, ao tempo que recalca á temporalidade dos traballadores da cultura, a cal considera un dos factores da precariedade endémica do ecosistema cultural galego.

Lebedynski incidiu noutro dos camiños da non política cultural galega, a dos macrofestivais. Defendeu que a pesares de ter moita repercusión mediática -para uns cantos elixidos- e de ter moita repercusión económica -para os elixidos-, non teñan ningunha achega real e directa para artistas galegas, xa que os poucos programados, van nos chamados “ShowCase”, ou terceiras divisións que diría o celeberrimo Pérez Varela.

Nesta mesma liña, afirmou coma a política que segue imperando en canto a partidas orzamentarias, son as relacionadas co turismo, co

“a valoración do noso sector sobre as políticas culturais é de ausencia, precariedade e negatividade”

Sonia Lebedynski

paradigmático caso de O Son do Camiño e toda a actividade cultural montada en torno ao Xacobeo, con escaso rédito para a cultura galega e moito para o turismo. Según a relatora, no Son de Camiño podemos atopar: subvencións a dedo, desembolso maioritario en artistas de fóra e escasa repercusión para o tecido galego. Fronte a este modelo, dende Músicas ao Vivo, propoñen entre outras medidas, que os festivais de música subvencionados teñan un 70% da programación de bandas galegas.

Pola súa banda, Jorge Algora iniciou sinalando o plan de axudas de 1984 en tempos de Álvarez Pousa coma director xeral de cultura, e como daqueles tempos tamén se produce o xermolo do que posteriormente sería o CGAI. Para remarcar o 1985, ano do nacemento da CRTVG, e momento sen que o audiovisual galego sería imposible de entender.

Durante o goberno Fraga Iribarne, no 1999 o audiovisual galego considérase coma sector estratéxico, según Algora foi o feito diferencial que supón a lei do audiovisual a cuxo amparo xurde o consorcio audiovisual galego. Xa en tempos do bipartito, o relator destaca o nacemento da Axencia Audiovisual

Galega, a cal sería o xerme do Novo Cinema Galego que tantos fitos e premios internacionais está acadando a día de hoxe. Xa no ano 2008, o sector entra en crise coma o resto.

Destacou de maneira negativa a nula cooperación interinstitucional entre administracións, e coma as consultas que se fan ao sector non son vinculantes aos supostos plans que se realizan dende a administración autonómica. Pechou a súa intervención facendo unha especie de carta aos reis, na que suxeriu que o audiovisual galego se semelle ao modelo francés.

Vídeo dispoñible en:

<https://www.youtube.com/watch?v=LK5c5U0iGQY>

“seguimos coma o resto dos sectores asistindo a ocorrencias útiles, que dun xeito parece que serven pero non serven”

Jorge Algora

BROS TEATRO BANDA DESEÑ
ESTIVALS DANZA ARTES VISU
AMETRAXES POESÍA PERFOR
CLORE MUSEOS ARQUIVOS

#xornada sobre políticas culturais: Mesa política

Na última palestra da xornada moderada por Alberto García, participaron os partidos políticos con representación no Parlamento galego. Estiveron polo Partido Popular en Galicia, César Fernández Gil, polo Bloque Nacionalista Galego, Olalla Rodil, Ánxeles Cuña por En Marea, e Concepción Burgo López polo Partido Socialista de Galicia.

César Fernández Gil comezou a súa intervención valorando a importancia de actividades e

xornadas coma a que estabamos a realizar. Asegurou que existen políticas culturais na Xunta de Galiza e enumerou plans e leis promovidas polo Partido Popular nos últimos anos. Asegurou que a cultura é unha forma de vida e que eles garanten a actividade cultural como medio de vida.

Olalla Rodil destacou o posicionamento do BNG sobre a nula existencia de políticas culturais por parte dos populares. Recalcou, tanto a obscenidade dos recortes en cultura coa escusa da crise -soamente comparable cos recortes en política lingüística-, así como a falta total de planificación. E por suposto, reivindicou a labor do bipartito, e recalcou a estratexia de laminar toda medida positiva daquel tempo coa chegada de Núñez Feijóo.



**“son moi importantes
actividades e xornadas como
esta”**

César Fernández Gil

Ánxeles Cuña, pola súa banda, deixou clara a posición de En Marea sobre a nula existencia de políticas culturais por parte dos populares, e a súa falta total de compromiso coa cultura. Tamén criticou a diferenza orzamental cara ao turismo en comparación coa área de cultura, sendo a primeira a gran beneficiaria. Remarcou os nove millóns de euros de orzamento da Xunta de Galicia para cultura van parar á Cidade da Cultura, e que as leis sen orzamento son un brinde ao sol.

“outro elemento que ven a determinar a inexistencia de políticas culturais é a falta obscena de orzamento”

Olalla Rodil

“tal vez foi un pouco precipitada a creación do AGADIC”

Ánxeles Cuña

Concepción Burgo reafirma a posición do PSOE sobre a nula existencia de políticas culturais por parte dos populares. incide novamente en aspectos que xa se viñeran comentando ao longo da tarde e coma o PP sempre percibiu o sector da cultura coma un sector hostil. Fixo lembranza de como Núñez Feijóo chegou ao poder en 2009 da man de Galicia Bilingüe e o seu ataque ao galego.

“a falta de obxectivos, a falta de estratexias, a falta de métodos e a falta de orzamento, é un modelo en sí mesmo”

Concepción Burgo López

Tralos breves discursos das representantes dos diferentes partidos políticos, deuse paso as intervencións do público, onde unha das máis aplaudidas foi a que fixo referencia ao logro de consensos por todas as forzas políticas de cara ao beneficio de todo o ecosistema cultural galego.

A xornada rematou cunha reflexión de Alberto García, presidente da AGPXC, na que sinalaba que a obriga dos políticos é escoitar as demandas do sector, e por parte do sector, ter unha maior capacidade de artellamento.

Vídeo dispoñible en:

<https://www.youtube.com/watch?v=v02FL1VnKKk>



Esta xornada realizouse coa axuda económica da Deputación da Coruña e coa colaboración da Fundación Cidade da Cultura

Asociación Galega de Profesionais da Xestión Cultural
2019